



O Consello de Contas entrega ao Parlamento a Memoria do ano 2013

Santiago, 3 de novembro de 2014.- O conselleiro maior do Consello de Contas de Galicia, Xesús C. Palmou Lorenzo, entregou hoxe á presidenta do Parlamento, Pilar Rojo Noguera, a memoria de actividades e os informes elaborados en execución do Plan de Traballo para 2013 e, parcialmente, do Plan de Traballo para 2014.

Os exercicios obxecto dos informes son, fundamentalmente, os 2011 e 2012, aínda que tamén se aportan informes referidos aos exercicios de 2009 e 2010.

A documentación remitida inclúe os seguintes documentos e informes:

Documentos

- Memoria anual de actividades do Consello de Contas de Galicia correspondente ao exercicio 2013.
- Contas anuais da institución referentes ao exercicio 2013.
- Informe sobre contas rendidas en 2013 correspondentes ao exercicio 2012.

Informes de Conta Xeral

O Consello de Contas fiscalizou de xeito específico as contas correspondentes aos exercicios 2011 e 2012 das seguintes entidades:

- Conta Xeral da C.A.
- Conta Xeral do organismo autónomo SERGAS



Informes de fiscalización

Igualmente, se presentan os seguintes informes de fiscalización:

- Contratación administrativa, ex. 2010- 2011
- Programas de formación para o emprego. Volume I: Informe Xeral, ex. 2010
- Programas de formación para o emprego. Volume II: Fondos aplicados polos beneficiarios das axudas á formación de ocupados, ex. 2010-2011
- Endebedamento da Xunta de Galicia, ex. 2012
- Fondos de Compensación Interterritorial, ex. 2010
- Fondos de Compensación Interterritorial, ex. 2011
- Fondos procedentes da Unión Europea, ex. 2011
- Fondos procedentes da Unión Europea, ex. 2012
- Prestación de servizos sanitarios a pacientes alleos ao ámbito de cobertura ordinaria do Sergas e o seu financiamento
- Servizo domiciliario de terapias respiratorias, ex. 2012
- Prestación asistencial de exploracións de diagnóstico por imaxe de alta definición, ex. 2012
- Fundación Pública Instituto Galego de Oftalmoloxía, ex. 2011
- Informe económico-financeiro das entidades instrumentais autonómicas, ex. 2011-2012



- Conta Xeral das entidades locais de Galicia, ex. 2011
- Conta Xeral das entidades locais de Galicia, ex. 2012
- Concello de Mondoñedo, ex. 2010
- Concello de Triacastela, ex. 2010
- Concello de Xinzo de Limia, ex. 2009
- Concello de Moaña, ex. 2011
- Cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigas das EELL de Galicia, ex. 2012

Logo de superar os trámites regulamentarios, que contemplan, entre outros, a posta de manifesto do anteproxecto de informe aos entes obxecto de fiscalización, a recepción das súas alegacións e a elaboración das correspondentes réplicas, de ser o caso, todos os informes de fiscalización foron aprobados no Pleno do Consello de Contas pola unanimidade dos seus membros.

Toda a documentación atoparase dispoñible próximamente na páxina web do Consello de Contas (www.ccontasgalicia.es).

Rendición de Contas

1.Sector público autonómico:

Contas rendidas en 2013, correspondentes ao exercicio 2012.



Segundo a Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia a administración autonómica formará anualmente a Conta Xeral da Comunidade que abranguerá a totalidade das operacións económicas levadas a cabo durante o exercicio pola administración e os seus entes dependentes. Porén, non todas as entidades controladas pola administración autonómica integran os seus estados contables na Conta xeral. Deste xeito, a rendición das contas ao Consello fíxose a través de dous medios:

- A Conta xeral rendida por conduto Intervención Xeral antes do 31 de outubro.
- As contas individuais das restantes entidades que son remitidas directamente por estas ao Consello de Contas, sendo o prazo límite de rendición o 30 de xullo.

A continuación resúmese a rendición de contas das entidades dependentes, agrupadas en función da súa forma xurídica.

Entidades	En prazo	Fóra de prazo	Non renderon
Parlamento	1		
Integrando a Conta Xeral da Comunidade Autónoma			
Administración Xeral da Comunidade Autónoma	1		
SERGAS	1		
Organismos Autónomos	12		
Axencias Públicas Autonómicas	11		
Entidades Públicas Empresariais	3		
Consortorios do Sector Público Autonómico	9		
Sociedades Mercantís Públicas	21		
Fondos sen personalidade xurídica			6
Fundacións Públicas Autonómicas	16		
Rendidas directamente ao Consello de Contas			
Consortorios do Sector Público Autonómico	3	2	5
Sociedades Mercantís Públicas			5
Fundacións Públicas Autonómicas	2	3	17
Universidades Públicas e os seus Entes Dependentes	3		8
Cámaras de Comercio	7	1	2
Confraría de pescadores	52	15	1
TOTAL	142	21	44

Respecto a outras entidades sometidas a obriga de rendición cómpre sinalar o seguinte:

1. Non foron rendidas as contas dos consellos reguladores das denominacións xeográficas do sector alimentario que teñen a consideración de corporacións de dereito público sometidas ao control do Consello de Contas.

No *Informe sobre contas rendidas en 2013 correspondentes ao exercicio 2012* figura con detalle a información anterior.

2. Sector público local:

Conta Xeral das entidades locais de Galicia. Exercicio 2012.

Os datos de rendición de contas das Entidades Locais correspondentes ao **exercicio 2012**, á data de 14 de abril de 2014, son os seguintes:

ENTIDADES		CONTAS RENDIDAS				DOCUMENTACION CON DEFECTOS		TOTAL REMITIDAS		NON REMITIDAS	
		Prazo	%	Fóra prazo	%	Defectos	%	Total Remitidas	%	Non remiti da	%
Concello	Máis de 50.000 hab.	6	85,71%	1	14,29%	0	0,00%	7	100,00%	0	0,00%
Concello	De 20.001 a 50.000 hab.	11	73,33%	4	26,67%	0	0,00%	15	100,00%	0	0,00%
Concello	De 10.001 a 20.000 hab.	22	62,86%	13	37,14%	1	2,86%	36	102,86%	1 ¹	2,86%
Concello	De 5.001 a 10.000 hab.	43	74,14%	11	18,97%	0	0,00%	54	93,10%	0	0,00%
Concello	Menos de 5.000 hab.	179	89,50%	19	9,50%	4	2,00%	202	101,00%	0	0,00%
Total Concellos		261	82,86%	48	15,24%	5	1,59%	314	99,68%	1	0,32%
Deputación		4	100,00%	0	0,00%	0	0,00%	4	100,00%	0	0,00%
Mancomunidade		16	44,44%	6	16,67%	1	2,78%	23	63,89%	13	36,11%
Consortio		13	52,00%	5	20,00%	0	0,00%	18	72,00%	7	28,00%
ETAIC		3	33,33%	3	33,33%	0	0,00%	6	66,67%	3	33,33%
Total		297	76,35%	62	15,94%	6	1,54%	365	93,83%	24	6,17%

Entidades que non remiten a conta xeral.

1 O concello de Xinzo de Limia rendeu a súa conta xeral o día 30/04/2014, cos traballos deste informe xa iniciados, razón pola que non se tivo en consideración.



Un total de 24 entidades (6,19% do total) non remitiron a conta xeral. Comparando os datos de non rendición de 2012 cos de exercicios anteriores, resulta o resume que segue agrupado por tipos de entidades.

ENTIDADES		EXERCICIOS						
		2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
Concello	Máis de 50.000 habitantes	0	0	0	0	0	0	0
Concello	De 20.001 a 50.000 habitantes	0	0	0	0	0	0	0
Concello	De 10.001 a 20.000 habitantes	0	0	0	0	0	0	1
Concello	De 5.001 a 10.000 habitantes	0	1	0	0	0	0	0
Concello	Menos de 5.001 habitantes	2	4	4	2	0	0	0
TOTAL CONCELLOS		2	5	4	2	0	0	1
DEPUTACIÓNS		0	0	0	0	0	0	0
Mancomunidade		13	13	14	12	7	8	13
Consortio		5	7	8	7	7	9	7
Entidade Local Menor		4	3	3	3	5	3	3
TOTAL		24	28	29	24	19	20	24

No informe *Conta Xeral das Entidades Locais, ex. 2012* figura con detalle a información anterior.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.